

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE PROMOCIÓN DO
EMPREGO E IGUALDADE E AS ORGANIZACIÓNS SINDICAIS E EMPRESARIAL NO
MARCO DO PROXECTO FEAG EMPREGAL**

En Santiago de Compostela, 24 de agosto de 2023

REUNIDOS

Dunha parte, Dna. Elena Rivó López, conselleira de Promoción do Emprego e Igualdade, en nome e representación do departamento do que é titular en virtude das facultades representativas propias do seu cargo, derivadas do disposto no Decreto 68/2023, do 14 de xuño, do seu nomeamento, e do artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta de Galicia e a súa presidencia.

Doutra parte,

D.*** ***, con DNI ***9270** en calidade de Presidente da ASOCIACIÓN DE INDUSTRIAS DO METAL E TECNOLOXÍAS ASOCIADAS DE GALICIA (en adiante ASIME) en nome e representación da dita organización.

D. *** ***, con DNI ***4817** , en calidade de Secretario Xeral da entidade UGT-FICA – INDUSTRIA, CONSTRUCCIÓN E AGRO GALICIA (en adiante UGT-FICA GALICIA), en nome e representación da dita organización.

D. *** ***, con DNI ***6612**, en calidade de representante da entidade FEDERACIÓN DE INDUSTRIA DE CCOO GALICIA (en adiante CCOO de Industria Galicia), en nome e representación da dita organización.

D. *** ***, con DNI ***5933** en calidade de representante Nacional da Federación de Industria da C.I.G (en adiante CIG), en nome e representación da dita organización.

Recoñecéndose todos eles que interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das facultades que teñen conferidas para convir en nome das entidades que representan.

MANIFESTAN

I.- Que a industria do aluminio primario é unha industria de gran consumo enerxético, polo que depende en gran medida duns prezos da electricidade competitivos e estables.

O aumento dos custos enerxéticos que soporta a industria electrointensiva provocou que plantas de aluminio como Alu Ibérica en Galicia pechasen a súa produción e, en consecuencia, as persoas traballadoras se enfrontasen a un despedimento colectivo por causas económicas, técnicas, organizativas e/ou de produción.

O peche de Alu Ibérica tivo un impacto significativo no mercado laboral e na economía da Coruña, debido ao seu tamaño (máis de 250 empregados e un volume de negocios superior a 130 millóns de euros), nun territorio no que o 93 % das empresas teñen cinco ou menos empregados.

Tendo tamén en conta a situación económica afectada polo contexto xeopolítico actual, os antigos traballadores de Alu Ibérica necesitarán un apoio adicional e específico para aumentar as súas posibilidades de atopar novos empregos.

Conscientes desta problemática e de que os mecanismos habituais do mercado laboral non son suficientes para afrontar o impacto que tales acontecementos están a xerar tanto en Galicia como no sector do aluminio, a Xunta de Galicia decide poñer en marcha medidas que dean resposta urxente e palíen, dunha maneira rápida e efectiva, o importante impacto socio-laboral ocasionado no sector e que faciliten unha reinserción efectiva das persoas despedidas no menor espazo de tempo posible.

En concreto, co obxectivo de crear recursos de fomento da inserción laboral especificamente orientados ás problemáticas das persoas que foron despedidas ao longo dos últimos meses no sector do aluminio de Galicia e, concretamente na provincia da Coruña, velando polo carácter personalizado destas, deseñouse e impulsouse o proxecto FEAG-Aluminio sendo as persoas beneficiarias aquelas persoas desempregadas provenientes de Alu Ibérica LC S.L. na Coruña, (pertencente ao CNAE 24.- Metalurxia; Fabricación de Produtos de Ferro, Aceiro e Ferroaleacións), así como das empresas provedoras ou transformadoras dos produtos de Alu Ibérica LC S.L. que cesasen a súa actividade, cuxo despedimento fora motivado por causas obxectivas entre o 10 de maio de 2022 e o 10 de setembro de 2022 (período de referencia)

Adicionalmente, incluíranse empresas afectadas cuxo despedimento se produciu 6 meses antes do período de referencia (10/11/21-10/05/22) ou entre o final do período de referencia e o último día anterior á avaliación da Comisión (10/09/22-15/03/23), sempre e cando, se xustifique que existe un nexo causal claro co suceso que provocou os despedimentos durante o período de referencia.

O proxecto contará co apoio financeiro da Xunta de Galicia e do FEAG, fondo creado polo Regulamento 1927/2006 do Parlamento Europeo e xestionado directamente pola misión Europea, que ten como obxectivo conceder axudas únicas e específicas

destinadas a facilitar a reinserción laboral das persoas traballadoras en rexións, sectores, territorios ou concas de emprego damnificados por perturbacións económicas graves.

En base ao anteriormente exposto, a Xunta de Galicia en data 30 de novembro de 2022 presentou a través da Unidade Administrativa do Fondo Social Europeo – UAFSE- unha solicitude de cofinanciamento deste proxecto ao Fondo Europeo de Adaptación á Globalización (en adiante FEAG) (Regulamento (UE) 2021/691 do Parlamento Europeo e do Consello do 28 de abril de 2021 relativo ao Fondo Europeo de Adaptación á Globalización para Traballadores Despedidos (FEAG) e polo que se derroga o Regulamento (UE) nº 1309/2013), resultando aprobada pola Comisión Europea o 16 de marzo de 2023 e o 10 de maio de 2023 por resolución do Parlamento Europeo.

II.- Que o Decreto 79/2023, do 22 de xuño, polo que se fixa a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia, establece a estrutura orgánica da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, mantendo as competencias en políticas activas de emprego, política laboral, relacións laborais, seguridade e saúde laboral, orientación e promoción laboral.

Que no exercicio destas funcións á Dirección Xeral de Relacións Laborais da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade lle corresponde a dirección e coordinación das competencias da comunidade autónoma en materia laboral e á Dirección Xeral de Formación para o Emprego e Orientación o desenvolvemento das funcións en materia de formación para o emprego, cualificacións profesionais e intermediación no mercado de traballo, colocación e orientación laboral.

III.- Que o proxecto FEAG foi concibido pola Xunta de Galicia en colaboración coas organizacións sindicais e empresarial participantes no proceso de diálogo social de Galicia (UGT- Galicia, S.N. de CC.OO de Galicia e a CEG) e, en concreto, os interlocutores sociais e económicos que forman parte do subgrupo de traballo creado no marco da mesa 4 de Diálogo Social de Políticas Activas de Emprego (Asociación de Industrias do Metal e Tecnoloxías Asociadas de Galicia – ASIME, UGT-FICA – Industria, Construción e Agro Galicia, e a CCOO de Industria Galicia) dado que a elaboración e aplicación de políticas para a promoción do emprego require da súa participación

IV.- Que os interlocutores sociais máis representativos do sector do aluminio en Galicia (CIG, UGT- Galicia, S.N. de CC.OO de Galicia e a CEG) a través da CIG, UGT-FICA – Industria, Construción e Agro Galicia, CCOO de Industria Galicia e a Asociación de Industrias do Metal e Tecnoloxías Asociadas de Galicia – ASIME serán as entidades que xunto coa Xunta de Galicia xestionen de forma conxunta o proxecto FEAG-Aluminio xa que dispoñen de experiencia en plans de formación e capacitación de persoas

traballadoras e desempregadas no ámbito da industria do metal e as súas tecnoloxías asociadas, e a súa participación permitirá obxectivar a situación do sector a nivel rexional e global, así como as súas tendencias, de forma que os traballadores e traballadoras poidan clarificar as súas expectativas profesionais para manterse no sector e re- deseñar o seu proxecto de vida profesional en cada caso, ou reorientarse profesionalmente.

V.- Que o presente convenio de colaboración formalízase baixo o disposto no parágrafo primeiro da Resolución do 8 de abril de 1991, na que se fai público o acordo do Consello da Xunta de Galicia do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de colaboración con particulares e con outros entes públicos, enmarcándose dentro do previsto no artigo 6 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

Así mesmo, axústase ao disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, no artigo 26.2 a) e no seu regulamento aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, quedando xustificado o carácter singular da axuda e as razóns que acreditan o interese público, social e económico e aquelas que xustifican a dificultade da súa convocatoria pública, atendendo ás especificidades do obxecto do convenio, así como pola especificidade dos/as destinatarios/as últimos/as: persoas traballadoras despedidas no sector do aluminio.

VI- Ao longo dos anos 2023, 2024 e ata maio do 2025, procede acometer as actividades correspondentes ao proxecto EmpregAL, polo que as partes asinantes ACORDAN o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN de acordo coas seguintes:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto do convenio

O obxecto do presente convenio é establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade e as organizacións asinantes respecto das actuacións do Proxecto FEAG “EmpregAL” para as anualidades 2023,2024 e 2025

A Xunta de Galicia, a través da Dirección Xeral de Relacións Laborais da Consellería de Promoción Emprego e Igualdade, coa colaboración dos interlocutores sociais máis representativos do sector do aluminio en Galicia: A organización empresarial, CEG a través da Asociación de Industrias do Metal e Tecnoloxías Asociadas de Galicia –

ASIME, e as organizacións sindicais, CIG, UGT-GALICIA, a través de UGT-FICA – Industria, Construción e Agro Galicia, e CCOO de Galicia, a través da CCOO de Industria Galicia, levarán a cabo as actividades correspondentes ao proxecto FEAG “EmpregAL”.

SEGUNDA.- Accións a realizar

O proxecto FEAG “EMPREGAL”, tal como consta na Decisión aprobatoria da Comisión Europea, contempla a realización de distintas accións para a procura da inserción laboral das persoas beneficiarias do mesmo, polo que para o período 2023,2024 e parte do 2025 compre a realización das seguintes actuacións ou medidas:

- 1. Acollida e Diagnóstico inicial**
- 2. Programa de Orientación.**
 - 2.1. Orientación laboral por conta allea
 - 2.2. Orientación laboral para o autoemprego
- 3. Programa de formación**
 - 3.1. Formación Transversal
 - 3.2. Formación en autoemprego
 - 3.3. Formación de recualificación profesional fora do Sector
 - 3.4. Formación de Especialización dentro do Sector
- 4. Programa de incentivos.**
 - 4.1. Incentivo para a participación activa.
 - 4.2. Bolsa de desprazamento.
 - 4.3. Incentivo para a inserción laboral por conta allea
 - 4.4. Incentivo para o fomento do autoemprego.
 - 4.5. Incentivo para a conciliación
- 5. Apoio á recolocación**
- 6. Seguimento personalizado**

Para unha eficaz execución das accións, o reparto das actividades a levar a cabo e do presuposto por cada entidade beneficiaria será o seguinte:

A. Actividades personalizadas	ENTIDAD	Nº Usuarios	€/ Usuario	Total
Acogida y Diagnóstico inicial	ASIME	76	100	7.575,00
	UGT	76	100	7.575,00
	CIG	76	100	7.575,00
	CCOO	76	100	7.575,00
Orientación laboral por cuenta ajena	ASIME	48	500	23.750,00
	UGT	48	500	23.750,00
	CIG	48	500	23.750,00
	CCOO	48	500	23.750,00
Orientación laboral por cuenta propia	ASIME	15	500	7.500,00
Formación Transversal	ASIME	50	750	37.500,00
	UGT	50	750	37.500,00
	CIG	50	750	37.500,00
Formación de especialización dentro del sector	ASIME	20	2.850	57.000,00
	UGT	20	2.850	57.000,00
	CIG	20	2.850	57.000,00
Formación de recualificación profesional fuera del sector	ASIME	20	2.500	50.000,00
	UGT	20	2.500	50.000,00
	CIG	20	2.500	50.000,00
Formación en autoempleo	ASIME	15	1.800	27.000,00
Apoyo a la recolocación	ASIME	45	1.300	58.500,00
	UGT	45	1.300	58.500,00
	CIG	45	1.300	58.500,00
	CCOO	45	1.300	58.500,00
Seguimiento en el empleo	ASIME	38	250	9.375,00
	UGT	38	250	9.375,00
	CIG	38	250	9.375,00
	CCOO	38	250	9.375,00
Beca de participación activa	ASIME	190	400	76.000,00
Beca de desplazamiento	UGT	190	340	64.600,00
Incentivo para la inserción laboral por cuenta ajena	CIG	150	1.200	180.000,00
Incentivo para el fomento del autoempleo	CCOO	15	1.200	18.000,00
Incentivo para la conciliación	CCOO	10	1.200	12.000,00

2023	Indicador	2024	Indicador	2025	Indicador
7.575,00 €	76	- €	0	- €	0
7.575,00 €	76	- €	0	- €	0
7.575,00 €	76	- €	0	- €	0
7.575,00 €	76	- €	0	- €	0
16.500,00 €	33	7.250,00 €	15	- €	0
16.500,00 €	33	7.250,00 €	15	- €	0
16.500,00 €	33	7.250,00 €	15	- €	0
16.500,00 €	33	7.250,00 €	15	- €	0
1.500,00 €	3	6.000,00 €	12	- €	0
26.250,00 €	35	11.250,00 €	15	- €	0
26.250,00 €	35	11.250,00 €	15	- €	0
26.250,00 €	35	11.250,00 €	15	- €	0
25.650,00 €	9	25.650,00 €	9	5.700,00 €	2
25.650,00 €	9	25.650,00 €	9	5.700,00 €	2
25.650,00 €	9	25.650,00 €	9	5.700,00 €	2
22.500,00 €	9	22.500,00 €	9	5.000,00 €	2
22.500,00 €	9	22.500,00 €	9	5.000,00 €	2
22.500,00 €	9	22.500,00 €	9	5.000,00 €	2
5.400,00 €	3	16.200,00 €	9	5.400,00 €	3
- €	0	40.300,00 €	31	18.200,00 €	14
- €	0	40.300,00 €	31	18.200,00 €	14
- €	0	40.300,00 €	31	18.200,00 €	14
- €	0	40.300,00 €	31	18.200,00 €	14
- €	0	5.500,00 €	22	3.875,00 €	16
- €	0	5.500,00 €	22	3.875,00 €	16
- €	0	5.500,00 €	22	3.875,00 €	16
- €	0	5.500,00 €	22	3.875,00 €	16
15.200,00 €	38	56.800,00 €	142	4.000,00 €	10
19.380,00 €	57	41.820,00 €	123	3.400,00 €	10
- €	0	126.000,00 €	105	54.000,00 €	45
- €	0	14.400,00 €	12	3.600,00 €	3
2.400,00 €	2	8.400,00 €	7	1.200,00 €	1

Subtotal medidas 1.215.400,00 €

363.380,00 €

660.020,00 €

192.000,00 €



COMISIÓN EUROPEA
DG de Empleo, Asuntos Sociales e Igualdad de Oportunidades
Fondo Europeo de Adaptación a la Globalización



Sinalar que do importe total, o 85% financiase con fondos FEAG e o restante 15% con fondos propios da Xunta de Galicia.

Para acadar o importe máximo establecido para cada unha das tarefas, as entidades asinantes do convenio deberán asegurar a consecución dos indicadores reflectidos no cadro anterior. Cumpre sinalar que no caso da actividade de “Apoio a recolocación” as entidades poderán percibir:

- 100% da cantidade asignada por usuario no caso de que se acredite a intermediación laboral e a inserción efectiva do mesmo.
- 60% da cantidade asignada por usuario no caso de que se acredite a intermediación laboral sen lograr a inserción efectiva, incluída a intermediación realizada ás persoas usuarias que rexeiten o envío do seu currículo vitae ás ofertas xestionadas.

Considerarase inserción efectiva cando o contrato laboral da persoa participante, teña unha duración mínima dun mes ou se trate dun contrato fixo-descontinuo.

Os custos totais financiáveis non poderán superar o custo total establecido para cada unha das actuacións. En caso de non cumprirse o gasto total previsto no orzamento asignado, a subvención reducirase na contía que corresponda pola parte do orzamento non executado.

As actividades deberán ser desenvoltas segundo a Memoria do Proxecto FEAG aprobada pola Comisión Europea e baixo a supervisión da Comisión de Seguimento descrita na cláusula décima do presente Convenio de Colaboración. A Comisión de Seguimento velará polo cumprimento dos indicadores da táboa anterior atendendo á proporción do orzamento de cada entidade.

TERCEIRA.- Incentivos as persoas usuarias do proxecto

Establécese de acordo co previsto no proxecto FEAG EmpregAL un programa de incentivos dos que serán beneficiarias as persoas usuarias das actividades, segundo a seguinte clasificación:

- Incentivo para a participación activa.
- Bolsa de desprazamento.
- Incentivo para a inserción laboral por conta allea
- Incentivo para o fomento do autoemprego.
- Incentivo para a conciliación

Os interlocutores sociais asinantes como entidades colaboradoras na execución do proxecto FEAG EmpregAL serán os encargados de xestionar, preparar a documentación necesaria e pagar os incentivos as persoas usuarias.

A documentación que se deberá achegar como xustificación de pago do incentivo será a documentación xenérica e a documentación específica que se sinala para cada tipo de incentivo no **manual de xestión interna que se anexa ao presente convenio e que foi aprobado pola Dirección Xeral de Política de Cohesión E Fondos Europeos da Xunta de Galicia.**

CUARTA.- Ámbito de aplicación e vixencia do convenio

O presente convenio de colaboración terá vixencia desde o día da súa sinatura ata o 30 de maio de 2025 e abranguerá todas as actuacións sinaladas na cláusula segunda do presente convenio, desenvolvidas no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia que sexan obxecto das correspondentes subvencións e que se realicen no período comprendido entre o 02 de marzo de 2023 e o 10 de maio de 2025.

QUINTA.- Financiamento das actuacións

O importe total das subvencións que concederá a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade para o desenvolvemento das actuacións previstas na cláusula segunda do presente convenio será de 1.215.400,00 euros, dos cales 363.380,00 euros correspóndese coa anualidade 2023, 660.020,00 euros coa anualidade 2024 e 192.000,00 euros coa anualidade 2025.

Do orzamento da anualidade 2023 a ASIME lle corresponderá un máximo de 105.375,00 euros, á UGT-FICA un máximo de 98.475,00 euros, á CCOO de Industria Galicia un máximo 24.075,00 euros e á CIG un máximo de 98.475,00 euros.

Do orzamento da anualidade 2024 a ASIME lle corresponderá un máximo de 134.650,00 euros, á UGT-FICA un máximo de 112.450,00 euros, á CCOO de Industria Galicia un máximo 53.050,00 euros e á CIG un máximo de 112.450,00 euros.

Do orzamento da anualidade 2025 a ASIME lle corresponderá un máximo de 38.175,00 euros, á UGT-FICA un máximo de 32.775,00 euros, á CCOO de Industria Galicia un máximo 22.075,00 euros e á CIG un máximo de 32.775,00 euros.

Polo que respecta ao importe dos incentivos que lle corresponderá xestionar e xustificar, no seu caso, ascende a 350.600,00 euros dos cales 36.980,00 euros serán para o 2023, 247.420,00 euros para o 2024 e 66.200,00 euros para o 2025.

A achega financeira da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade para os anos 2023, 2024 e 2025 será con cargo á aplicación orzamentaria de gasto 11.40.324A.481.9 código de proxecto 2023 00093

SEXTA.- Pago das actuacións



COMISIÓN EUROPEA
DG de Empleo, Asuntos Sociais e Igualdad de Oportunidades
Fondo Europeo de Adaptación a la Globalización



XUNTA
DE GALICIA

Poderanse realizar **pagamentos anticipados** que suporán entregas de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para levar a cabo as actuacións obxecto deste convenio. Os pagamentos anticipados serán de ata o 50% do importe para cada unha das anualidades.

O importe do pagamento anticipado calcularase tendo en conta o orzamento de tódalas actividades sinaladas na cláusula segunda excluindo os incentivos.

Así mesmo, as entidades beneficiarias poderán solicitar, a partir da data da sinatura do presente convenio de colaboración pagos parciais das actuacións nos prazos e forma expostos na cláusula seguinte do presente convenio, unha vez realizadas as tarefas e actividades dos que este é obxecto.

Se poderán solicitar os pagamentos parciais das actuacións cando respondan ó ritmo de execución das accións subvencionadas e no caso de solicitar anticipo, estes pagamentos parciais deberán corresponderse coas actividades executadas cando estas superen a contía do pagamento do anticipo.

A suma dos pagamentos a conta máis os anticipos previstos neste artigo non serán superiores ao total do importe a convir, e de acordo co artigo 62 do Decreto 11/2009 do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, non superarán o importe de cada anualidade orzamentaria

Para proceder ao seu pagamento, cada unha das entidades beneficiarias deberán enviar a documentación relacionada na cláusula sétima referida á xustificación.

SÉTIMA.- Prazo e forma de xustificación

A **xustificación das subvencións** percibidas no marco do presente convenio efectuarase por parte de cada unha das entidades asinantes antes do día 30 de maio do 2025

As entidades deberán presentar certificacións de gastos parciais antes das seguintes datas:

- 15 de decembro de 2023
- 31 de xullo de 2024
- 15 de decembro de 2024
- 30 de maio de 2025

Con cada solicitude de pago deberá achegarse un informe explicativo das actividades desenvoltas con cargo ao gasto certificado.

Considéranse gastos subvencionables, ao abeiro do artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aqueles que de xeito indubidable respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no prazo establecido, e considérase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do referido prazo de xustificación. En todo caso, estes pagos deberán referirse a **actuacións desenvoltas entre o 02 de marzo de 2023 e o 10 de maio de 2025.**

Para os efectos de xustificación, terán a consideración de gastos elixibles:

- **Gastos de persoal interno e externo** (coordinación, técnico, docente e administrativo), que inclúen retribucións totais, incluída a cotización empresarial á Seguridade Social por todos os conceptos.

Pode ser persoal contratado para o proxecto (deberá garantirse o cumprimento de transparencia, publicidade e libre concorrència) ou persoal estable destinado mediante decisión formal á realización de tarefas para o proxecto.

A designación do persoal debe ser anterior á execución das tarefas realizadas polo mesmo e farase mediante un modelo normalizado que a de ir asinado polo responsable da entidade. Ase mesmo, debe quedar constancia da súa relación co proxecto.

Cumpre salientar que no programa de formación, **o importe total dos gastos de persoal non poderá superar o 30% do orzamento imputado ao programa.**

- **Gastos de desprazamentos do devandito persoal** sempre que exista relación demostrable entre os mesmos e os obxectivos e actividades do proxecto. É necesario achegar xustificación do desprazamento realizado e detallar o motivo do mesmo. Admitirase a presentación de facturas de gasto efectivamente realizado ou a certificación das dietas percibidas.

Para os gastos de viaxe deben facerse ademais as seguintes consideracións:

- a) As viaxes teñen que ser realizados polo roteiro máis directo e económico;
 - b) Os gastos imputables nesta rúbrica han de ser moderados; No caso das dietas, estas estarán limitadas ás establecidas nos convenios colectivos de aplicación.
 - c) As dietas son unipersoais
 - d) Co obxectivo de xustificar os quilómetros realizados, é necesario indicar o percorrido completo do desprazamento, mesmo cando este sexa dentro de una mesma comarca
- **Gastos xerais, materiais e técnicos:** arrendamentos (excluído o *leasing*, *renting* ou similares) de edificios, mobiliario, utensilios, maquinaria e equipos informáticos; mantemento (se non está incluído no arrendamento); consumibles e funxibles empregados nas accións formativas; subministración de enerxía eléctrica, auga, combustible para calefacción (se non está incluído no arrendamento); comunicacións (teléfono, correos etc.); limpeza; seguridade, vixilancia; seguros de responsabilidade civil; outros gastos correntes de funcionamento necesarios para o desenvolvemento do Programa; guías,

documentación para o participante; gastos de execución en material de oficina; gastos de difusión e publicidade (carteis, anuncios, folletos, ou similares). e , en ningún caso poderán xustificarse investimentos.

- **Gastos de prestacións de servizos ou subcontratacións.** A execución de actividades por servizos profesionais externos será elixible a condición de que ditas actividades non poidan ser executadas de maneira directa polas entidades asinantes do presente convenio, ou se a súa realización por terceiros resulta máis transparente e/ou económica. Por tanto, os gastos de prestacións de servizos serán subvencionables se a externalización supón unha maior transparencia ou eficacia na execución da actividade e baixo o cumprimento das normas de contratación pertinente.
- **A bolsa de axuda e incentivos para as persoas usuarias do proxecto**

Para todos os gastos non relacionados anteriormente será necesaria a súa previa comunicación e xustificación á Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, que deberá autorizalos por escrito para que teñan a consideración de gastos elixibles.

A acreditación farase mediante as facturas, nóminas ou xustificantes correspondentes, orixinais ou copias compulsadas acompañadas dos xustificantes de pagamento bancario destas. Todas as facturas, nóminas e xustificantes presentados deberán estar referidas de forma inequívoca á entidade subvencionada e ao período que abrangue a subvención. Ase mesmo, terase en conta o recollido no manual de xestión interna do proxecto e, en concreto, no punto 4.1 de dito manual (documento anexo)


A relación completa de gastos presentarse en **soporte electrónico** á Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade.

Os custos totais financiáveis non poderán superar o custo total establecido para estas actuacións. No caso de non cumprirse os indicadores previstos establecidos na cláusula segunda do presente convenio para cada unha das accións e entidades, a subvención reducirase proporcionalmente na contía que corresponda.

Para os efectos de valorar a efectividade das actuacións subvencionadas, as entidades asinantes deste convenio achegarán á Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, unha memoria anual de actividades que inclúa todas as actuacións desenvolvidas, así como os perfís dos/as participantes (idade, xénero, nivel de estudos).

OITAVA.- Requisitos e Obrigas

As entidades beneficiarias deberán cumprir os requisitos establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro polo que se aproba o seu Regulamento e os esixidos pola convocatoria FEAG.



Así mesmo, as beneficiarias da subvención, estarán suxeitas ao cumprimento das obrigas recollidas no artigo 11 da citada Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

Infórmase ás beneficiarias de que a aceptación da axuda supón a publicación na lista de beneficiarios prevista nos Regulamentos comunitarios.

As entidades asinantes do presente Convenio, conforme ao disposto no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, asumen as seguintes obrigas:

- a. Executar os Programas de apoio á reinserción laboral e realizar as actividades que fundamentan a sinatura do presente convenio de colaboración.
- b. Xustificar ante a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade o cumprimento dos requisitos e condicións inherentes ao presente convenio.
- c. Someterse ás actuacións de comprobación que vai efectuar a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, así como calquera outra de comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control financeiro competentes, como é a Dirección Xeral de Política de Cohesión E Fondos Europeos da Consellería de Facenda, e a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, achegando canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.
- d. Comunicarlle á Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas.
- e. Acreditar que están ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias e fronte á Seguridade Social.
- f. Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable ao beneficiario en cada caso, así como cantos estados contables e rexistros específicos sexan esixidos coa finalidade de garantir o axeitado exercicio das facultades de comprobación e control.
- g. Conservar os documentos xustificativos da subvención concedida, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.
- h. Adoptar as medidas de difusión contidas na cláusula décima
- i. Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos recollidos no artigo 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- j. Garantir unha contabilidade separada que permita deixar unha pista de auditoría suficiente para un control da corrección da xestión contable do mesmo.

- k. Garantir a trazabilidade das actividades desenvolvidas pola persoa participante no marco do proxecto
- l. Respetar os principios de: transparencia na forma de adxudicación dos contratos, publicidade dos encargos e condicións e libre concorrència de ofertas para fornecer os bens e/o servizos.

NOVENA.- Seguimento das accións

A Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, a través da Dirección Xeral de Relacións Laborais, resérvase a facultade de realizar accións tendentes ao seguimento e control das actuacións convidadas. Para conseguir unha eficaz coordinación, a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade e cada unha das entidades beneficiarias identificarán os seus respectivos interlocutores.

As entidades beneficiarias asinantes do presente convenio están suxeitas ao réxime de infraccións e sancións en materia de subvencións, de conformidade co previsto nos artigos 50 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu Regulamento.

DÉCIMA.- Comisión de Seguimento

Crearase unha Comisión de Seguimento do presente Convenio que estará composta por unha ou dúas persoas representantes de cada entidade asinante do convenio e se reunirá polo menos unha vez ao mes durante a vixencia deste, para a súa avaliación e coordinación, así como para incorporar modificacións e/ou posibles correccións necesarias para unha axeitada xestión das actuacións previstas.

A Comisión de Seguimento velará polo cumprimento dos indicadores de execución previstos para cada entidade na cláusula segunda do presente convenio, podendo aprobar reducións do orzamento asignado para cada entidade sempre no caso de non acadar os niveis establecidos. Para o cálculo da posible redución aplicarase a regra de proporcionalidade do indicador esperado fronte ao conseguido.

De selo caso, as reprogramacións orzamentarias entre actividades das entidades, así como a variación dos indicadores e a modificación do alcance do programa de incentivos deberá ser aprobado por unanimidade pola Comisión de Seguimento.

Por outra banda, segundo o apartado 2 do artigo 46 da lei 6/2022 do 27 de decembro , de orzamentos xerais de Galicia para o 2023, **a modificación de convenios** que fosen previamente autorizados polo Consello da Xunta de Galicia, **non precisará de autorización previa do Consello** cando a modificación non supoña unha alteración do obxecto nin conleve

incremento do importe total das obrigacións de contido económico asumidas ou do número de exercicios orzamentarios aos que se imputan ditas obrigacións. Ase mesmo, a distribución do importe correspondente a cada exercicio deberá respectar os límites aos que fai referencia o artigo 58.3 do Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto Lexislativo 1/1999, do 7 de outubro.

Neste senso, de acordo coas normas legais e orzamentarias vixentes, para incorporar o crédito non executado das anualidades 2023 e/ou 2024 á anualidade seguinte, tan só se requirirá acordo unánime da Comisión de Seguimento.

Cumpre sinalar que, trala aprobación por parte da Comisión Europea, recolleranse as modificacións realizadas nunha addenda ao presente convenio.

DÉCIMO PRIMEIRA.- Divulgación e publicidade

No marco das obrigas de divulgación, información e publicidade, as entidades beneficiarias porán en coñecemento das persoas usuarias que se trata dun Programa cofinanciado pola Xunta de Galicia e o Fondo Europeo de Adaptación á Globalización. Para iso poderanse utilizar diferentes ferramentas de comunicación e publicidade: carteis, folletos, anuncios ou calquera outro tipo de soporte (electrónico, informático ou telemático), Para a identificación e sinalética teranse en conta as medidas e especificación técnica establecidas no manual de identidade corporativa da Xunta de Galicia, accesible a través da páxina web <http://www.xunta.es/descarga-do-manual>.

Os locais onde se desenvolvan as actuacións comprometidas neste convenio deberán atoparse debidamente identificados e sinalizados cos logotipos corporativos da Xunta de Galicia e do Fondo Europeo de Adaptación á Globalización.

As entidades asinantes consenten en que se inclúa e faga pública no Rexistro de Axudas, Subvencións e Convenios a achega outorgada por medio do presente convenio, de acordo co establecido na Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2006.

DÉCIMO SEGUNDA.- Disponibilidade dos resultados e conclusións das actuacións realizadas

A Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade terá libre acceso aos datos, resultados e conclusións que se deriven das accións e estudos realizados no marco deste convenio, e poderá utilizalos no exercicio das súas propias funcións e competencias.

DÉCIMO TERCEIRA.- Subcontratación

- As entidades asinantes do presente convenio poderán subcontratar, por unha soa vez, a realización das actuacións previstas na cláusula segunda, tendo en conta que a subcontratación non pode supoñer un aumento do custo de execución establecido, e deberá ser realizada de acordo co establecido no artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño. Ademais, os subcontratistas deberán facilitarlle aos organismos de xestión, auditoría e control toda a información necesaria relativa ás actuacións subcontratadas. Esta subcontratación poderá chegar ata o 100% do importe da acción, cos límites previstos na cláusula segunda deste convenio.
- Acreditarase a necesidade de recorrer á contratación de servizos externos, determinando o traballo encomendado, a súa duración e o servizo que se vai a prestar, así como o sistema de coordinación coa entidade principal.
- En ningún caso, as entidades asinantes do presente convenio, poderán concertar a execución total ou parcial das actuacións previstas na cláusula segunda con entidades ou persoas vinculadas coa beneficiaria, salvo que concorran as seguintes circunstancias:
 - a) Que a contratación se realice de acordo coas condicións normais de mercado, garantindo o cumprimento dos principios de transparencia, publicidade e libre concorrència así como a normativa comunitaria en materia de contratación pública.
 - b) Que se obteña a previa autorización da Dirección Xeral de Relacións Laborais presentando memoria xustificativa para este efecto.
- Cando a actividade concertada con terceiros exceda do 20% do importe correspondente a cada un das entidades firmantes, establecido na cláusula quinta, e sexa superior a 60.000 euros, procederase á subscripción dun contrato por escrito. Con carácter previo á firma do contrato, solicitarase, por escrito, autorización á Dirección Xeral de Relacións Laborais

DÉCIMO CUARTA.- Protección de Datos de Carácter Persoal e Confidencialidade

En cumprimento da normativa vixente en materia de protección de datos, a saber, o Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016 Xeral de Protección de datos (RXPDP), Lei Orgánica 15/1999, de Protección de Datos de Carácter Persoal (LOPD), Regulamento de Desenvolvemento da LOPD (Real Decreto, 1720/2007, de 21 de decembro), compre establecer de forma transparente o fluxo de datos entre os asinantes do presente convenio.

O responsable do tratamento dos datos é a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade

Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición poderanse exercer ante a Secretaría Xeral Técnica desta Consellería, mediante o envío dunha comunicación á seguinte dirección: edificio administrativo San Caetano s/n 15781 Santiago de Compostela, ou a través <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>

Os datos persoais dos traballadores e traballadoras afectados polos despedimentos aos que se dirixirán as actividades descritas neste Convenio serán utilizados para a xestión do proxecto FEAG “EmpregAL”, no marco do Fondo Europeo de Adaptación á Globalización (en adiante FEAG), consistente na realización de accións destinadas a facilitar a reinserción laboral de persoas desempregadas provenientes de Alu Ibérica LC S.L. na Coruña, (pertencente ao CNAE 24.- Metalurxia; Fabricación de Produtos de Ferro, Aceiro e Ferroaleacións), así como das empresas provedoras ou transformadoras dos produtos de Alu Ibérica LC S.L. que cesasen a súa actividade, cuxo despedimento fora motivado por causas obxectivas entre o 10 de maio de 2022 e o 10 de setembro de 2022 (período de referencia)

Adicionalmente, incluíranse empresas afectadas cuxo despedimento se produciu 6 meses antes do período de referencia (10/11/21-10/05/22) ou entre o final do período de referencia e o último día anterior á avaliación da Comisión (10/09/22-15/03/23), sempre e cando, se xustifique que existe un nexo causal claro co suceso que provocou os despedimentos durante o período de referencia.

Os datos das persoas mencionadas será tratados con total confidencialidade e aplicaranse as medidas de seguridade adecuadas, de tipo físico, técnico- lóxico e organizativo, para a protección dos datos persoais, e en particular daqueles considerados categorías especiais de datos.

Os datos persoais proporcionados se conservarán mentres estea en execución o proxecto FEAG EmpregAL

A base legal para o tratamento dos datos é a execución do presente proxecto FEAG EmpregAL, e o cumprimento dunha misión en interese público, a saber, o cumprimento do FEAG, fondo creado polo Regulamento 1927/2006 do Parlamento Europeo e xestionado directamente pola Comisión Europea, que ten como obxectivo conceder axudas únicas e específicas destinadas a facilitar a reinserción laboral das persoas traballadoras en rexións, sectores, territorios ou concas de emprego damnificados por perturbacións económicas graves.

Os datos das persoas susceptibles de ser beneficiarias das actuacións serán cedidos pola Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade ás organizacións sindicais CIG, UGT-FICA – Industria, Construción e Agro Galicia e a CCOO de Industria Galicia e a Asociación

de Industrias do Metal e Tecnoloxías Asociadas de Galicia – ASIME, que son organizacións sindicais e empresariais máis representativas dos intereses das persoas traballadoras e das empresas galegas, polo que se acorda que o Proxecto FEAG “EmpregAL” sexa xestionado de forma conxunta.

Os datos que se compartirán serán os seguintes: Nome e apelidos, DNI, data do despido, enderezo, teléfono e correo electrónico.

A comunicación dos datos está lexitimada polo cumprimento do presente convenio, así como polo cumprimento dunha misión en interese público, a saber, o cumprimento do FEAG EmpregAL

As organizacións CIG, UGT-FICA – Industria, Construción e Agro Galicia, a CCOO de Industria Galicia e a Asociación de Industrias do Metal e Tecnoloxías Asociadas de Galicia – ASIME so poderán tratar os datos coa finalidade de dar cumprimento ao proxecto, podendo ser consideradas encargadas do tratamento por conta do responsable.

Estas entidades se obrigan a utilizar os datos persoais de conformidade co RGPD, e en particular deberán adoptar:

- Un rexistro de actividades de tratamento
- As medidas técnicas e organizativas de seguridade que se consideren necesarias, entre as que poden citarse a seudonimización ou o cifrado dos datos.
- As medidas que garantan a confidencialidade, integridade e dispoñibilidade dos datos, así como a capacidade de restauración.

Ademais, estas entidades se obrigan a non comunicar os datos a terceiras persoas, salvo autorización expresa do responsable do tratamento, debendo manter o deber de segredo e confidencialidade sobre os datos tratados, incluso mais alo do fin do proxecto. Tamén deberán formar ao seu persoal en materia de protección de datos, así como informar aos interesados sobre os dereitos que se mencionan nesta cláusula e demais información contida na mesma.

Por outra banda, tamén notificarán ao responsable do tratamento calquera violación da seguridade dos datos persoais nun prazo máximo de 36 horas, de conformidade co contido mínimo establecido no RGPD.

Así mesmo, as organizacións CIG, UGT-FICA – Industria, Construción e Agro Galicia, a CCOO de Industria Galicia e a Asociación de Industrias do Metal e Tecnoloxías Asociadas de Galicia – ASIME contarán cun delegado de protección de datos, que deberá figurar na información remitida aos interesados.

Calquera outra cesión deberá de aprobarse con carácter previo pola Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade.

Non se realizarán outras cesións de datos persoais a outras entidades, salvo obriga legal. Tampouco se prevén transferencias internacionais de datos.

En todo caso, deberase informar a todas as persoas destinatarias das actividades do programa EmpregAL sobre o contido desta cláusula, así como que teñen dereito a obter a confirmación sobre si estamos a tratar os seus datos persoais (acceso), a acceder aos seus datos persoais, así como a solicitar a rectificación dos datos inexactos ou, de ser o caso, solicitar a súa supresión cando, entre outros motivos, os datos xa non sexan necesarios para os fins que foron recollidos. Tamén poderá solicitar a limitación do tratamento dos datos, así como a oposición ao tratamento e, de ser o caso, a súa portabilidade.

Tamén deberáselle informar que para exercer os seus dereitos deberán enviar unha solicitude ao enderezo indicado do responsable do tratamento, acompañada dunha fotocopia do seu documento nacional de identidade, pasaporte ou outro documento oficial válido e vixente.

Por último, se lles informará por parte dos asinantes do Convenio sobre a posibilidade de obter información adicional sobre os seus dereitos na páxina web da Agencia Española de Protección de Datos, www.agpd.es, así como do dereito a interpoñer unha reclamación ante a Agencia Española de Protección de Datos en la dirección: <https://sedeagpd.gob.es/sede-electronica-web/vistas/formQuejasSugerencias/seleccionarQuejaSugerencia.jsf>

DÉCIMO QUINTA.- Extinción do convenio

Este convenio extinguirase por terminación do prazo de duración, por incumprimento dalgún dos seus asinantes das estipulacións, requisitos e obrigas contidas nel ou por mutuo acordo das partes.

DÉCIMO SEXTA.- Normativa aplicable

Sen prexuízo de calquera outra normativa que resulte aplicable, serán de aplicación ao presente convenio:

- A Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento.
- A Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Regulamento (UE) 2021/691 do Parlamento Europeo e do Consello do 28 de abril de 2021 relativo ao Fondo Europeo de Adaptación á Globalización para

Traballadores Despedidos (FEAG) e polo que se derroga o Regulamento (UE) nº
1309/2013

DÉCIMO SÉTIMA.-Natureza do convenio

O presente convenio ten natureza xurídico- administrativa.

As controversias que puidesen xurdir entre as partes asinantes deste convenio sobre a súa interpretación, execución ou resolución serán resoltas, en primeiro termo, no seo da Comisión de Seguimento a que se refire a cláusula décima.

Se non hai acordo, decidirá a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade. Os seus acordos poñen fin á vía administrativa e someteranse á Orde Xurisdiccional Contencioso-Administrativa.

E en proba de conformidade de canto antecede, asinan por cuadruplicado o presente convenio no lugar e data sinalados no encabezamento, rubricando cada unha das páxinas de que consta.

A Conselleira de Promoción do Emprego
e Igualdade

O Secretario Xeral da Federación de
Industria, Construción e Agro de UGT
Galicia (UGT-FICA)

Asdo. Elena Rivó López

Asdo. ****

O representante da Federación de
CCOO de Industria Galicia

O Presidente da Asociación de Industrias
do Metal e Tecnoloxías Asociadas de
Galicia (ASIME)

Asdo. ***

Asdo. ***

O Secretario Nacional da Federación de
Industria da C.I.G (CIG)

Asdo. ***